

## NOTA DE PRENSA

### **A Asociación de Actores e Actrices de Galicia réndelle tributo a Xosé Manuel Olveira ‘Pico’ ao concederlle o Premio de Honra Marisa Soto**

*O galardón convértese na gran homenaxe dos profesionais do teatro a un dos actores máis reputados e queridos tanto polo público coma polos seus compañeiros*

*A distinción recoñecerá durante a celebración da entrega dos Premios María Casares a traxectoria artística do intérprete falecido en xuño do pasado ano*

**12 de marzo de 2014-** A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) **concédelle este ano a Xosé Manuel Olveira Pico o Premio de Honra Marisa Soto**, galardón que recoñece a longa traxectoria profesional do intérprete falecido o 13 de xuño do ano pasado. Con esta distinción, os seus compañeiros da escena homenaxean a Pico, actor respectado e apreciado tanto polo público coma polo sector. Deste xeito, **unirase á nómina de profesionais e colectivos teatrais que recibiron a citada mención dende a súa creación en 1997**. Nesta lista de ilustres homenaxeados atópanse, entre outros, Xan Cejudo, Dorotea Bárcena, Maruxa Villanueva, Ana Romani, Luís Álvarez Pousa, Manuel Lourenzo, Pilar Pereira ou a desaparecida Sala Nasa.

**“Para a tropa de actores e actrices deste país, Pico era unha persoa especial que deixou pegada en todos nós.”** Así define o presidente da AAAG, Avelino González, o intérprete de obras tan lembradas como *As actas escuras*, *O bufón de El Rei* ou *O florido pénsil*. González, ademais, recoñece que a intención da AAAG era concederlle o galardón na edición anterior, mais foi imposible por mor da enfermidade. **“Era algo que lle debiamos”**, sinala o presidente da entidade, que conclúe lembrando que Pico **“só provocaba afectos.”**

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia creou o **Premio de Honor Marisa Soto** fai xa dezoito anos con obxectivo de **distinguir a dedicación e a carreira de persoas ou entidades que, a longo dos anos, impulsaron a dignidade e a profesionalización do sector escénico en Galicia**. O galardón, dende o seu nacemento, entrégase na cerimonia dos Premios María Casares que neste 2014 acada a súa 18ª edición e que se celebrará o 27 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña, coincidindo co Día Mundial do Teatro.

Os premios do teatro galego contan coa colaboración de diversas institucións e entidades que, co seu apoio, amosan a relevancia cultural e social que o teatro posúe en Galicia. A Consellería de Cultura e Educación, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), o Concello da Coruña, o Padroado de Cultura do Concello de Narón, a Fundación AISGE, a Fundación SGAE ou GADISA son algúns dos seus patrocinadores.

#### ***Traxectoria profesional de Xosé Manuel Olveira ‘Pico’***

Nacido en Esteiro (Muros), terra de mariñeiros, Pico preferiu subir a un escenario antes ca a un barco. A súa traxectoria artística comezou nos anos setenta, cando á profesionalización do teatro aínda lle quedaba moito traballo por diante para ser unha realidade. O seu vínculo coa escena principiou no ano

1972, no seo de DITEA (Difusión de Teatro Afeccionado). Até ben entrado os oitenta, Pico participou en quince montaxes da agrupación, até que no ano 1985 comezou a traballar con asiduidade co novísimo Centro Dramático Galego (CDG). Ese ano, formou parte do elenco d'*A noite vai coma un río*, obra de Álvaro Cunqueiro e dirixida por Xúlio Lago. **O homenaxeado este ano co Premio Marisa Soto converteuse nun dos intérpretes que máis traballou na institución de teatro público**, ao participar en máis de vinte das súas producións. Nas montaxes *A Lagarada*, *A piragua*, *O ano da cometa*, *Ricardo III* ou *Noite de Reis*, Pico amosou algúns dos seus mellores traballos.

**Unha das súas derradeiras interpretacións no CDG chegoulle en 2010**, ano no que por fin se representaba a obra *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño. Interpretaba a **Don Mauro**, o ilustrado sacerdote encargado de investigar a finais do século XIX e por mandato do Cardeal Payá, a autenticidade dos restos do Apóstolo atopado na catedral. Outro dos papeis máis lembrados no seu vencello co centro viuse en *O Bufón de El Rei* (1997), na que encarnaba o protagonista da única peza teatral escrita por Vicente Risco.

Fóra do teatro institucional, Pico traballou dende 1987 en compañías profesionais como O Moucho Clerc, Kukas Producións, Teatro do Aquí, Producións Máximas, Lagarta Lagarta ou Teatro de Adro. Entre os directores cos que traballou, destacan Xan Cejudo, Rodrigo Roel, Quico Cadaval, Marcelino de Santiago, Vidal Bolaño, Avelino González ou Cándido Pazó.

Polas súas incursións teatrais, **Pico colleitou un total de catro María Casares**, tres como protagonista: *Si o vello Sinbad volveuse ás illas* (2002), *Binomio de Newton* (2003) e *Kafka e a boneca viaxeira*, concedido o ano pasado. Ademais, acadou o galardón na categoría de actor secundario por *Calígula*. **Os Premios da Crítica de Galicia tamén recoñeceron a súa carreira artística en 2012 no ámbito das Artes Escénicas**

Para o público televisivo, **Pico converteuse nun dos actores máis coñecidos** polos seus papeis en series como *Mareas Vivas*, onde interpretaba o cura de Portozás, e sobre todo polo seu rol do avogado Pedro Barreiro na célebre *Pratos combinados*. Na serie *Padre Casares* volveu vestir sotana para lle dar vida ao Bispo. Tamén participou en *Un mundo de historias* ou *O Nordés* e participou como personaxe episódico en *Matalobos* e en series estatais como *El comisario* e *Hospital Central*.

**Participou en máis de vinte producións cinematográficas**. Debutou en *Eu, tolo* (1982) ás ordes de Chano Piñeiro, co que repetiría en *Sempre Xonxa* (1989). Posteriormente traballaría en *Huídos* (1993), de Sancho Gracia; *El Rey del Río* (1995), de Gutiérrez Aragón; *El pianista* (1998) de Mario Gas, ou *n'A lingua das bolboretas* (1999), de José Luís Cuerda, co que volvería traballar en *Los girasoles ciegos*. Co cambio de século, formaría parte de elencos como o de *Entre Batea*, de Jorge Coira; *O ano da carracha*, tamén de Coira; *Mar Adentro* de Amenábar; *Retornos*, de Luís Avilés; *Celda 2011*, de Daniel Monzón, ou *Doentes*, de Gustavo. **A súa derradeira participación no cinema foi da man de Alejandro Marzoa na película *Somos xente honrada* (2013).**

***Traxectoria teatral seleccionada***

<b>Ano</b>	<b>OBRA</b>	<b>Dirección</b>
1986	A noite vai coma un río	Xúlio Lago
1987	A pousadeira	Xan Cejudo
1988	O mozo que chegou de lonxe	Mario Gas
1990	Yerma	Xosé Manuel Blanco Gil
1991	O incerto señor don Hamlet	Ricart Salvat
1992	A lagarada	Pere Planella
1993	Saxo Tenor	Roberto Vidal Bolaño
1994	A fiestra valdeira	Xúlio Lago
1994	O mariscal	Marcelino de Santiago
1995	Nin me abandonarás nunca	Manuel Guede
1996	Hostia	Manuel Lourenzo
1997	Lisístrata	Eduardo Alonso/. Guede
1997	O bufón de El Rey	Manuel Guede
1998	Antígona	Q. Cadaval/Xavier Lama
1999	Se o vello Sinbad volveuse ás illas	Fabio Mangolini
2000	Calígula	Manuel Guede
2003	Binomio de Newton	Cándido Pazó
2004	O ano da cometa	Quico Cadaval
2004	Ricardo III	Mario Gas
2007	A piragua	Cándido Pazo
2007	Noite de Reis	Quico Cadaval
2009	Aeroplanos	Rosa Álvarez
2010	As actas escuras	Xúlio Lago
2011	O florido Pénsil	M. Gabilondo
2012	Kafka e a boneca viaxeira	C. Domínguez/F. Bernués

### ***Relación de galardoados co Premio de Honra Marisa Soto***

Pico súmase neste 2014 á lista de persoeiros e colectivos que, dende 1997, mereceron o Premio de Honor Marisa Soto da Asociación de Actores e Actrices de Galicia. Sucede a Pilar Pereira.

<b>GALARDOADOS CO PREMIO DE HONRA MARISA SOTO DA AAAG</b>	
<b>Ano</b>	<b>Premiado</b>
<b>1997</b>	Agustín Magán
<b>1998</b>	Manuel Lourenzo
<b>1999</b>	Maruxa Villanueva
<b>2000</b>	Manuel Gallart
<b>2001</b>	Asociación Cultura Abrente
<b>2002</b>	Fundación Teatro Principal de Tui
<b>2003</b>	Celebración dos 25 anos de teatro profesional
<b>2004</b>	Padroado da Cultura do Concello de Narón
<b>2005</b>	Luis Álvarez Pousa
<b>2006</b>	Dorotea Bárcena
<b>2007</b>	Concha Abad
<b>2008</b>	Rubén García
<b>2009</b>	Ana Romaní
<b>2010</b>	Gonzalo Uriarte
<b>2011</b>	Xan Cejudo
<b>2012</b>	Sala Nasa
<b>2013</b>	Pilar Pereira